

## **BASES VII CONCURSO DE FOTOGRAFIA "MANUEL FERROL"**

A Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral convoca o VII Concurso de fotografía Manuel Ferrol.

Este concurso contempla entre os seus obxectivos reivindicar a figura e obra do fotógrafo Manuel Ferrol representativo de toda unha época da cultura galega inspirándose na súa obra.

Web oficial: <http://www.manuelferrol.com>

As temáticas deste concurso serán: **retrato, reportaxe, documentalismo e tradición.**

1.- Pode participar calquera profesional ou afeccionado/a maior de 18 anos, ou menores de idade debendo presentar neste caso a correspondente autorización asinada polo titor/a ou representante legal xunto coa copia do seu DNI para a participación no concurso.

2.- Cada participante pode presentar un máximo de **4 fotografías.** Non se admitirán fotografías que teñan recibido premios anteriormente neste ou calquera outro concurso.

### 3.- TÉCNICA

Queda á libre elección das persoas participantes o tipo de técnica a empregar (analóxica ou dixital) e a modalidade, branco e negro ou cor.

### 4.- TAMAÑO

As fotografías presentaranse obrigatoriamente en papel fotográfico, cun tamaño mínimo de 18 cms no seu lado menor e de 40 cms no seu lado máximo. Por tanto, o **máximo é de 40X40 cms** e o **mínimo 18X18 cms.**

### 5.- PRESENTACIÓN

As obras presentaranse baixo o sistema de plica.

Nun sobre (protexido con algún tipo de soporte ríxido, coidando que non se altere a superficie e non sufra desperfectos) incluíranse:

- a/as fotografía/s co título e seudónimo da persoa autora por detrás.
- declaración responsable na que se garante o cumprimento das bases. Ver Anexo 1 neste documento.
- outro sobre totalmente pechado que teña no seu exterior exclusivamente o seudónimo. Este sobre pechado conterá a seguinte documentación: fotocopia do DNI, datos do participante (nome, enderezo, teléfono, e-mail, seudónimo utilizado para presentar a fotografía e a declaración responsable cuberta (Anexo I das bases)

6.- A persoa que se presenta garante que é o único/a autor/a da(s) fotografía(s) e é titular de tódolos dereitos de autor/a sobre as mesmas. A asociación presupón que o/a autor ten permiso dos/as retratados/as. En todo caso, calquera reclamación neste sentido será sempre contra autor/a das fotografías, eximindo á organización de dita responsabilidade. Cultura Aberta non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou

eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicarlle a Cultura Aberta de forma fidedigna a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

7.- Quedarán automaticamente fóra de concurso aquelas fotografías que leven sinatura ou calquera outra marca identificativa. Cada obra deberá levar o título na parte traseira, seguido do pseudónimo do/a concursante. Este pseudónimo non pode ser identificativo da persoa, en especial non está permitido utilizar o apodo polo que se lle coñece no seu entorno, nin no mundo da fotografía.

#### 8.- DIRECCIÓN DE ENVÍO

As imaxes presentaranse en sobre pechado na:

**Casa da Cultura de Carral  
Rúa Paleo nº 17  
15175 Carral, A Coruña**

Teléfono de contacto **981672580**

Pode ser en persoa ou por correo postal.

A organización establecerá outros puntos de recollida na provincia da Coruña que serán comunicados a través da web oficial e das redes sociais da asociación para facilitar deste xeito a participación no concurso.

[www.culturaaberta.gal](http://www.culturaaberta.gal)

#### 9.- DATA LIMITE

A data límite de presentación é o día **28 de decembro de 2025**, conmemoración do nacemento de Manuel Ferrol.

#### 10.- PREMIOS

Outorgaranse tres premios que estarán suxeitos á preceptiva retención fiscal. O pagamento dos mesmos realizarase por transferencia bancaria.

Os premios serán os seguintes

**1º premio: 1.000 euros**

**2º premio: 400 euros**

**3º premio: 200 euros**

O xurado poderá outorgar mencións honoríficas sen valor económico, atendendo á calidade das obras.

11.- O xurado estará composto por persoal cualificado en fotografía. O concurso poderá declarar deserto algún dos premios. A decisión do xurado é inapelable.

12.- Entre todas as obras presentadas, o xurado seleccionará entre 25 e 50 fotografías, que pasarán a formar parte da exposición do concurso que se celebrará no Concello de Carral, sendo inaugurada o día da entrega de premios desta VII edición.

**MOI IMPORTANTE: As e os autores de todas as imaxes a concurso comprométense a facilitar unha copia dixital por correo electrónico idéntica á versión en papel presentada se a súa obra resulta seleccionada para estar presente na exposición sinalada no parágrafo anterior. A calidade do arquivo dixital deberá permitir a súa impresión nun tamaño mínimo de 18X18 centímetros.**

13.- A decisión do xurado farase pública o 28 de febreiro de 2026. Establécese un período de dez días desde a decisión do xurado para presentar alegacións por incumprimento das bases.

O título do traballo gañador e o nome e apelidos do autor/a daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal ao autor/a, así como na web e nas redes sociais de Cultura Aberta e envío de nota de prensa aos medios de comunicación.

14.- As fotografías premiadas e seleccionadas para a exposición posterior enténdense cedidas á organización sempre sen fins lucrativos para calquera acto promocional ou expositivo relacionado co Premio Manuel Ferrol de Fotografía en calquera das súas edicións.

15.- As fotografías non premiadas nin seleccionadas para a exposición poderán ser recollidas na casa da Cultura de Carral por parte da persoa autora, ou persoa na que delegue. **Previamente, deberá presentarse unha solicitude para a súa recollida a través do envío dun correo electrónico ao enderezo: [concursofotografiamanuelferrol@culturaaberta.gal](mailto:concursofotografiamanuelferrol@culturaaberta.gal)** por parte da persoa titular da fotografía, ou persoa na que delegue, facendo constar o seu nome completo, nome da fotografía, e adxuntando unha copia do DNI. Cada email será respondido indicando dende qué día pode pasar a recollese.

En ningún caso a organización enviará por correo as fotografías que non resulten premiadas ou seleccionadas para a exposición. O prazo para recollelas é ata o 31 de agosto do 2026. As que non sexan recollidas quedarán a disposición do uso que desexe darlle a Asociación Cultura Aberta sempre que sexa sen ánimo de lucro e co permiso previo das persoas autoras. A asociación pode optar pola destrución das mesmas sen ter que solicitar permiso para facelo, nunca antes da data límite para a súa recollida.

A presentación de traballos neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. O incumprimento dalgún dos apartados nas mesmas levarían implícita a exclusión do concurso da obra presentada.

Para calquer dúbida pódense poñer en contacto coa organización do concurso no seguinte enderezo electrónico:

[concursofotografiamanuelferrol@culturaaberta.gal](mailto:concursofotografiamanuelferrol@culturaaberta.gal)

ou ben nos teléfonos **634 41 00 50** ou **636 32 64 25**.

Carral, 1 de agosto de 2025



## ANEXO I

### BASES DO VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MANUEL FERROL

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPLIMENTO DAS BASES DO CONCURSO

Eu.....  
, con nº DNI ou PASAPORTE.....  
e domicilio en .....

#### DECLARO QUE

1º) A fotografía ou fotografías que presento ao concurso son da miña autoría e teño todos os dereitos inherentes ás mesmas xa que non están transferidos a unha terceira persoa física ou xurídica.

2º ) En caso de aparecer persoas nas imaxes, confirmo que teño o seu permiso para presentar a fotografía ou fotografías ao Concurso fotográfico Manuel Ferrol.

3º) Acepto as bases do concurso na súa totalidade

4º) A fotografía ou fotografías que presento non foron premiadas previamente en ningún outro concurso. En caso de resultar premiadas nalgún outro concurso ou certame no periodo previo á resolución do VII Premio de Fotografía Manuel Ferrol, comprométome a comunicalo á organización por escrito enviando un correo electrónico a [concursofotografiamanuelferrol@culturaaberta.gal](mailto:concursofotografiamanuelferrol@culturaaberta.gal)

E para que conste a todos os efectos oportunos asínoo en  
..... a día .....

Sinatura